



OSCAR VÁZQUEZ

«A VIAXE DE GAGARIN» [AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ]

Fascinante conquista dos espazos

REAFÍRMASE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ COMO NARRADOR DE ALTAS MIRAS CUNHA SUXESTIVA NOVELA QUE ESCULCA EN VIVENCIAS E CONTEXTOS DOS ANOS SESENTA DO PASADO SÉCULO CON EFECTIVIDADE E EXTRAORDINARIA TRANSPARENCIA

RAMÓN NICOLÁS | Aparecida no mercado hai pouco máis dun mes esta novela acadou axiña o favor do público lector como testemuña que xa esgotase a súa primeira edición. Non é de estrañar pois

nela volven confluír elementos felizmente recorrentes na obra de Fernández Paz como a esculca nos pozos da memoria, acoirazada desde unha amplísima documentación filtrada con habilidade e, ademais, espellada nun rexistro narrativo puído, áxil e transparente. Ademais non se ocultan trazos autorais como a relevancia que cobran os libros, a música ou o cine no desenvolvemento argumental, sublimando ao fondo o amor e os afectos como o único que é quen de resistir «a corrosión do tempo».

Mais non é esta unha reescritura doutras pezas do autor. Moi ao contrario: o célebre voo do cosmonauta Gagarin á órbita da Terra é o motivo que serve para conquistar, día a día, esoutro territorio que é o de Miguel, alcumado

Gagarin, que vai albiscando outros horizontes máis amplos en tantas ocasións a través dos libros. Velaquí, así pois, unha engaiolante novela de formación onde non falta a descuberta dos segredos da familia e que posibilita apalpar o contexto social e político no que alenta: un tempo marcado pola ominipresenza do aparato represivo como amosan as páxinas centradas nas actuacións do Tribunal de Orden Público ou no labor que levaba a cabo a Brigada Político Social, por só citar dous exemplos.

Nesta atmosfera Miguel terá que esconxurar os seus medos, evocándose a posteriori coa pretensión de redimirse, acudindo á memoria porque sen ela, afirma, «non somos ninguén». Non poden estar máis de acordo.



Agustín Fernández Paz
A viaxe de Gagarin
«A VIAXE DE GAGARIN»
NOVELA • Agustín Fernández Paz • Xerais • 200 páxinas • 16 euros